

VIEIROS

Tempos Novos

Xestionado por [Tempos Novos](#)

INFANTIL E XUVENIL

Perlas literarias

As vacacións son tempo propicio para a lectura de evasión. Parte deses libros que o resto do ano non forman parte da nosa dieta literaria habitual, é posible que acaben acompañándonos cabo das toallas de praia e dos bañadores polo pracer de facer algo diferente. Nesa apertura cara ao que nunca se leu, e mesmo se desprezou, non é infrecuente a aproximación á chamada literatura infantil e xuvenil. Ofrecemos neste artigo as recomendacións literarias de **Xosé Antonio Neira** sobre este eido literario.

- 17:49 31/08/2006


Pode ser bo lembrarlle aos lectores de TEMPOS ♦ aos que xa teñen costume de se introduciren no ámbito que tamén gozan os máis novos, e aos que aínda teñen esa materia pendente- algúns dos títulos que destacaron nos últimos meses por diversos motivos. Farémolo apostando pola variedade e pola multiculturalidade, un dos camiños máis doados para botar por terra consideracións apriorísticas sobre libros e tipos de lecturas ou de lectores.

O queipo dos premios

Así, está ben lembrar que, na primavera de 2006, a Biblioteca Internacional da Xuventude de Múnic ♦ ese fíaro que, desde o castelo bávaro de Blutenburg, se encarga de vixiar a boa saúde da literatura para nenos e mozos que se escribe en todo o mundo- nos deu aos galegos a boa nova de seleccionar catro obras de autores e ilustradores de Galicia para a súa lista de White Ravens deste ano (os "corvos" ou, mellor dito entre nós, "merlos brancos" da LIX escrita en todas as linguas). Non é a primeira vez, nin moito menos, que os expertos muniqüeses reparan na calidade da literatura infantil desta Fisterra europea. Porén, si é a primeira vez que conseguen entrar neste catálogo un número tan elevado de obras creadas orixinalmente en galego, e tamén é a primeira ♦ e esperemos que se converta en costume- que tanto a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix) como, sobre todo, a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia se fan eco desta selección para pregoar a excelencia dalgúns dos nosos mellores produtos culturais. Polo tanto, cómpre ter en conta, nesas últimas adquisicións librescas antes de pechar a equipaxe das vacacións, os seguintes títulos:

Conto para non comer, álbum escrito por Oli e ilustrado por Andrés Meixide, editado por Galaxia; *Nun lugar chamado labirinto*, novela de Ánxela Gracián editada por Tambre-Edelvives para lectores de 10 anos en diante, que conta coas ilustración de Ramón Trigo; *Quen me quere adoptar?*, relato publicado por Xerais, co que a súa autora, Fina Casalderrey, suma un terceiro White Raven á súa multipremiada carreira literaria, e ao que lle puxo imaxes M^a Fe Quesada, unha das pioneiras da ilustración galega; e finalmente *A cousa que máis doe do mundo*, álbum escrito por Paco Liván e ilustrado por Roger Olmos, co que a nova

editorial pontevedresa OQO empezou a demostrar calidade e beleza con recoñecemento internacional.

Tamén da man de Gálix coñecemos hai poucas semanas os libros galardoados co Premio Lecturas, que anualmente convoca esta asociación e que, a través das bibliotecas galegas participantes no certame, se encarga de salientar aquelas obras que máis gustaron entre os lectores infantís e xuvenís de Galicia. En 2006 recibiron esta distinción *Raquel ten medo*, obra dobremente premiada, tanto no apartado literario  premio que foi para ao seu autor, Agustín Fernández Paz, un dos máis destacados do panorama galego-, coma no que atende á ilustración, que nesta obra lle atinxe a Marina Seoane. Tamén o xénero do cómic conseguiu fãcerse senllos ocos neste premio na presente edición, grazas ás obras *O solpor da prehistoria*, de Pepe Carreiro, e *Campos de Cuba*, de Fran Jaraba.

Finalmente, unha das obras literarias máis destacadas e recomendable do que vai de ano é a novela xuvenil *A sombra descanza*, coa que a súa autora, a viguesa An Alfaya, se fixo co Premio Lazarillo 2005. Novela que recupera os anos escuros da posguerra a través dunha historia excelentemente contada, de seguro ha axudar a diluír fronteiras entre literatura xuvenil e literatura a secas, da man da calidade e dos bos momentos lectores que, sen dúbida, ofrece.

O artigo completo, na edición impresa de TEMPOS Novos (agosto 2006, nº 111)